


# Programación Didáctica



## Xustificación

En 1916, o profesor da Escola Normal de Pontevedra e futuro director da de Santiago, José María Crespo Rodríguez, editaba nesa mesma cidade *as Nocións De Geografía de Galicia, considerado o primeiro manual de Xeografía adicado a Galicia.*

Co motivo do centenario, e dentro da programación do Museo Pedagógico de Galicia, a partires de xaneiro 2015, haberá unha exposición temporal que co título *O mundo nas mans. Material cartográfico escolar nos séculos XIX e XX* amosa, ademais do nomeado libro, unha escolma de pezas do propio museo relacionada coa cartografía e as disciplinas que a empregan como medio didáctico.

Con esta **Programación didáctica**, para a etapa de **Educación Primaria**, buscamos que os vosos alumnos e alumnas investiguen, e sexan capaces de diferenciar distintos elementos da cartografía, así coma poder orientarse no espazo (baseada no currículo de Educación Primaria *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*)

## Obxectivos Xerais

- Dar a coñecer a importancia dos mapas, da xeografía e da cartografía na vida cotiá
- Fomentar o interese polo patrimonio educativo, así coma o Museo, a través das pezas presentadas na Exposición.

Obxectivos relacionados co Currículo de E.Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: O MUNDO NAS MANS				1º EP
Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Competencias Clave
Ciencias Naturais	B1.1. Iniciación á actividade científica.	B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e	CSC



	<p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións</p>	soportes.	<p>comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</p> <p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p>CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</p>	CAA CCL
<b>Ciencias Sociais</b>	<p>B2.4.Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo</p> <p>B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.</p>	<p>B2.6. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.</p> <p>B2.7. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.</p> <p>B3.4. Identificar as partes dunha casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.</p>	<p>CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo</p> <p>CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea</p>	CMCCT CSC

		B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea		
<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<p>B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais</p> <p>B1.12. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.</p>	<p>B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.</p> <p>B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</p>	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.</p> <p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p> <p>LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
<b>Matemáticas</b>	<p>B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.</p> <p>B3.7. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.</p> <p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.</p> <p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p>	<p>CMCT</p>

	B4.2. Descripción de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia.	B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares	MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita,diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.  MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.	
<b>Educación Física</b>	B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.  B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas	B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición	EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.  EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición	CAA  CSIEE  CSC
<b>Valores Sociais e Cívicos</b>	B2.1. Habilidades de comunicación: A importancia de pensar o que se vai expresar. Compoñentes da comunicación non verbal: postura, xestos, expresión facial.	B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	CAA  CCL



	B3.1. As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda. A participación en actividades lúdicas grupais. O gozo da amizade.	B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social	
<b>Educación Plástica</b>	B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.  B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.).	B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.  EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	CAA  CMCCT
<b>Lingua Galega e Literatura</b>	B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas  B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.  B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.  LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.  LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL  CAA

	B2.4. Interpretación da información das ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	
--	---	---	--	--

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: O MUNDO NAS MANS				2º EP
Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Competencias Clave
<b>Ciencias Naturais</b>	<p>B1.1. Iniciación á actividade científica.</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller</p>	<p>B1.1. Iniciar na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>



	conclusións.			
<b>Ciencias Sociais</b>	<p>B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles.</p> <p>CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.</p> <p>B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década</p> <p>B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.</p> <p>B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.</p>	<p>B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes.</p> <p>B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima.</p> <p>B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.</p> <p>B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.</p> <p>B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.</p>	<p>CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.</p> <p>CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa</p> <p>CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.</p> <p>CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana</p> <p>CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.</p> <p>CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p>



			gozo e ocio.	
<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<p>B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.</p>	<p>B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais</p> <p>B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e pregunta</p>	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.</p> <p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.</p> <p>LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
<b>Matemáticas</b>	<p>B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</p>	<p>B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución..</p>	<p>MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.</p>	<p>CMCT</p>

	<p>B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, <b>metro</b> e centímetro.</p> <p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p> <p>B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.</p> <p>B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos.</p>	<p>B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude..</p> <p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p> <p>B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e <b>esferas</b>.</p> <p>B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</p> <p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p> <p>MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e <b>esféricas</b> en obxectos do entorno inmediato.</p> <p>MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.</p>	
<b>Educación Física</b>	B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de	B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos	CAA

	xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.	de oposición.	EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	CSIEE CSC
<b>Valores Sociais e Cívicos</b>	B2.3. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.3. Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	CAA CCL
<b>Educación Plástica</b>	B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.  B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.).	☑ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.  EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	CAA CMCCT
<b>Lingua Galega e Literatura</b>	B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.  B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula	B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.  B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.  LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.  LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL CAA



	<p>(peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita)</p> <p>B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.</p> <p>B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral</p>	<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral</p> <p>LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	
--	--	--	--	--

## - Metodoloxía

O currículo de primaria antes mencionado, lexisla que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Ademais, nos din que as **actividades de aprendizaxe integradas** poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario. O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, permitiralle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas. É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso empregamos diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro... Todo isto baixo un ambiente lúdico para potenciar os aprendizaxes.

Esta proposta de actividades, xunto a visita ó museo, está pensada para desenvolver o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende



traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade -traducida en obxectivos-, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro, por iso o museo ofrece unha serie de actividades, relacionadas coa visita, para traballar tanto antes da visita, para propiciar un aprendizaxe significativo, como actividades para despois, e así afianzar todo o aprendido.

## Actividades

Na programación de calquera saída ou actividade complementaria, hai tres fases do deseño e desenvolvemento das actividades.

·**Antes da visita**

·**A visita**

·**Despois da visita**

O **MUPEGA** ofrece actividades para cada bloqu, para a súa realización na aula do alumnado, e así potenciar un aprendizaxe significativo, e fomentando así o aproveitamento da actividade. (para descargalas ir ó Caderno de Actividades)


1. **Antes da visita** :Antes de realizar a actividade no MUPEGA é conveniente que os alumnos/as saiban o que van a ver, para fomentar ó máximo a súa participación nas actividades no museo. Por iso as actividades que propoñemos son de coñecemento de primeiro contacto con elementos e materiais cartográficos.

Estas actividades están destinadas a adquirir aprendizaxes previos a visita no museo: Léxico cartográfico, contidos cartográficos adaptados a súas idades: mapas, tipos de mapas, planos...

2. **A visita**: Percorrerán a estancia das Exposición temporal, pero antes explicaremos o que van a ver, certos contidos da cartografía, adaptados as súas necesidades e intereses . Por exemplo: como se pode plasmar en plano, sobre un papel o que ten a esfera terrestre... non é tan doado!
3. **Despois da visita**: Facilitamos actividades para afianzar os contidos aprendidos, e propoñemos unhas actividades sobre escalas, xa que na visita, explícase a diferecia entre dous mapas de Galicia a escalas diferentes, e unha actividade de investigación, para darlle interese e curiosidade a xeografía e a cartografía desde idades moi temperás.

A continuación presentase o Caderno de actividades.





# *O mundo nas mans*

Caderno de Actividades



Desde o mes de febreiro do 2016 temos unha nova Exposición Temporal no **MUPEGA**, *O Mundo nas mans: Material cartográfico escolar dos séculos XIX e XX*. Trátase dunha mostra na que se poderán ver unha recopilación de materiais relacionados coa **cartografía didáctica**

No **1916**, o profesor da Escola Normal de Pontevedra, e futuro director da de Santiago, **José María Crespo Rodríguez**, editaba o libro ***Nocións de Xeografía de Galicia***, considerado o primeiro manual de Xeografía adicado a Galicia.

**Con motivo do centenario**, e dentro da programación do Museo Pedagógico de Galicia, presentase esta exposición temporal, na que se mostra, ademais do nomeado libro, unha escolma de pezas relacionadas coa cartografía e as disciplinas que a empregaban como medio didáctico.

Desde o departamento didáctico do museo ofrecemos unhas actividades e obradoiros para os escolares pensados por idades e características de cada curso. A Cartografía precisa de estruturación espacial, conceptos matemáticos, conceptos de ciencias sociais, ... por iso desde o **MUPEGA** presentamos **unha actividade integrada** para traballar na aula antes da visita, unha visita con obradoiros adaptados as súas capacidades e necesidades, e unhas actividades para recordar o aprendido.




## ACTIVIDADES PARA ANTES DA VISITA

---


### Que é un mapa?

Desde tempos remotos, o ser humano intentou representar o espazo de xeito preciso para describir o territorio, os lugares e así percorrelo, exploralo e aproveitar os seus recursos.


Ese debuxo sobre o papel, da Terra ou parte dela nunha superficie plana é o que se denomina mapa.



Da esfera  
terrestre en  
(3D)




A representar a Terra sobre  
un papel (en plano)




*Intentade unha cousa... collede unha mandarina, unha pelota de tenis... algo esférico, e intentar poñelo plano*

*Pero... como pasamos dunha esfera ó papel?*




Cilíndrica

*Desenvolvendo o cilindro*




Cónica

*Cortando a esfera coma se fose un cono*




Acimutal o plana

*Sacando unha foto desde arriba*



Teño unha idea:  
Tedes que colorear, recortar,  
e intentar facer una esfera







museo  
pedagógico  
de galicia

## Actividade 1: Relaciona os mapas

Proposta didáctica. *O mundo nas mans* 1º e 2ºEP



MAPAS FÍSICOS




MAPAS POLÍTICOS






**Actividade 2:** Agora temos dous mapas de Galicia, imaxina e debuxa o mapa físico e o mapa Político





Mapa físico




Mapa político



Algo moi importante que temos que coñecer para poder situarnos nun mapa son os  
**4 PUNTOS CARDINAIS: NORTE, SUR ESTE E OESTE**



En todos os mapas,  
aparece a ROSA DOS  
VENTOS, que indica onde  
está os puntos cardinais





museo  
pedagógico  
de galicia




Imaxina que foras un Pirata, e tiveras que navegar polos mares....Sabes como averiguar onde está o Norte?



Compás




Se pola noite vemos a Estrela Polar, é que miramos ó Norte



O Sol, pola mañá, sae polo Este e vaise polo Oeste

### Actividade 3: Atopa a Rosa dos ventos nos seguintes mapas







museo  
pedagógico  
de galicia



Este é o mesmo que o debuxo anterior, é un plano da cidade de Santiago.



Tedes que facer o camiño ó tesouro ata a Catedral, desde a Porta do Camiño, pasando por:



- Casas Reais
- Praza de O Cervantes
- Rúa Jerusalen
- Praza San Miguel
- Rúa da Troya
- Praza da Inmaculada
- Praza do Obradoiro

\* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais

### Actividade 6: Debuxa o plano da túa aula, utilizando os debuxos que tes na ficha





Xa sabedes un  
montón de cousas...  
agora tedes que vir  
ó MUPEGA a ver a  
exposición

*“O mundo nas  
mans”...*

**Esperámosvos!!!!**








## ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA VISITA

---



*De luns a venres vas da túa casa ó colexio. Saberías dibuxar o trayecto nun plano.*



*É un pouco difícil, vouche axudar!*

- 1. Antes de empezar a facelo, tes que pensar o percorrido, mentras vas camiño a escola*
- 2. Despois colle un plano, e repasa o percorrido que fixeches*
- 3. Agora debúxalo na seguinte páxina*

## *O teu percorrido da casa ó colexio*






museo  
pedagógico  
de galicia

Proposta didáctica. *O mundo nas mans* 1º e 2ºEP

Recordas o mapa que fíxemos : Agora o vas a facer ti. Recorta o puzzle logo pégaon na seguinte páxina





## *Cando remates, sinala onde vivimos*



Esperamos que foran do voso agrado as actividades así coma a visita e os obradoiros.

Para o deseño e a elaboración deste material utilizouse a seguinte bibliografía:

- Callejo M<sup>ª</sup> Luz e Llopis Carmen (1999) PLANOS E MAPAS: Actividades interdisciplinares para representar el espacio. Narcea
- Cole J.P e Beynon (1978), INICIACIÓN A LA GEOGRAFÍA. Fontanella
- Aranaz del Río, F. (2010), TU AMIGO EL MAPA. Ministerio de Fomento
- Serveto Aguiló y Guerra Rosado (2010), Mi ciudad en los mapas. Propuesta didáctica para el conocimiento de los ámbitos urbanos, Consejería de Vivienda y Ordenación del Territorio, Consejería de Educación. JUNTA DE ANDALUCÍA

Bibliografía lexislativa:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia



Museo Pedagógico de Galicia  
[museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es](mailto:museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es)

Santiago de Compostela  
5 de Febreiro 2016